





Problema308: Os elementos A, B, C e D teñen números atómicos 19, 16, 1 e 9, respectivamente. Razoa que compostos formaranse entre B e C e entre D e A indicando o tipo de enlace.

As configuracións electrónicas destes elementos son:



a) Composto que forman B e C:

B ten 6 electróns na última capa, é un non-metal, tenderá a gañar dous electróns para conseguir configuración electrónica de gas nobre, $3s^2 3p^6$. C ten 1 electrón na súa única capa, é un non-metal, tenderá a gañar un electrón para conseguir configuración de gas nobre, $1s^2$, na primeira capa conséguese configuración de gas nobre só con dous electróns. Ao ser os dous elementos non metálicos compartirán pares electrónicos mediante enlaces covalentes para conseguir configuración de gas nobre. Forman unha molécula covalente. A súa fórmula será C_2B .

b) Composto que forman D e A:

D ten 7 electróns na última capa, é un non-metal, tenderá a gañar un electrón para conseguir configuración electrónica de gas nobre, $2s^2 2p^6$. A ten 1 electrón na súa última capa, é un metal, tenderá a perder un electrón para conseguir configuración de gas nobre, $3s^2 3p^6$. Ao ser un metal e un non-metal, o metal perde electróns formando un ión positivo, A^+ , e o non-metal gañará electróns formando un ión negativo, D^- , estes ións forman unha rede iónica dando lugar a un compostos iónico. A súa fórmula será AD.